



NORMATIVA E BASES DOS PREMIOS DE COMUNICACIONES O CONGRESO ANUAL DA SOCIEDADE, BOLSAS DE ESTANCIAS FORMATIVAS, BECAS DE INSCRIPCION A CONGRESOS E BOLSAS DE INVESTIGACIÓN DA SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA (SGXX).

A Xunta Directiva da SGXX, de acordo cos Estatutos e actividades previas da Sociedade, e para maior información e obxectividade, aprobou as Normas e contías das Becas, Axudas e Premios Anuais que a continuación se refiren.

B. Becas de Inscripción ó Congreso Anual da SGXX.

1. Contía. Destínanse para Becas de Inscripción ó Congreso da SGXX, a celebrar anualmente, a cantidade máxima de 1.950 euros. Este importe distribuirase en un máximo de 15 Becas de Inscripción no Congreso anual, e poderán incluír o Aloxamento para o Congreso anual da Sociedade.
2. Requisitos. Poderán solicitar a Beca os/as Socios/as cun ano de antigüidade na Sociedade contados a partires da aprobación pola Asemblea da Sociedade e o prazo de peche das Solicitudes de Beca de Inscripción no Congreso.
3. Prazo. O prazo de solicitude das Becas de Inscripción rematará cando se estableza cada ano, en función das datas de celebración do Congreso.
4. Criterios. Caso de haber mais solicitudes que Becas, terán preferencia aqueles/as que presenten Comunicacions Científicas ó Congreso Anual e non foran Bolseiros/as noutros anos, contando os 5 anteriores. Se fose preciso solicitarase copia da Declaración da Renda para mais diferenciar.
5. Solicitudes. Para optar a ditas bolsas, os/as Socios/as interesados/as deberán solicitalo por escrito perante a Secretaría Administrativa da SGXX, e enviar con anterioridade á data establecida a través da páxina web, a instancia de solicitude na que consten os seguintes datos: Nome e dous apelidos, enderezo, teléfono de contacto e dirección email, xunto cos datos profesionais e laborais, e xuntar a Copia do último recibo de pago da cota de socio/a.



6. Concesión. A concesión das Becas serán outorgadas pola Comisión Permanente da Xunta Directiva da Sociedade. O listado de concesións será público, e poderá ser publicado na páxina web da Sociedade.

Xunta Directiva da SGXX